

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TORDOIA

*Decreto de nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados e delegacións*

#### ANUNCIO

#### DECRETO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DELEGACIÓN

A alcaldía, con data 17/09/2020, ditou o DECRETO nº 255/2020, que literalmente se transcribe:

#### “NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DELEGACIÓN.-

Tras a vacante producida pola renuncia anticipada dun concelleiro e de conformidade coas atribucións que me confiren o artigo 61.3 23 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administracións Locais de Galicia e 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión municipal, **RESOLVO:**

**Primeiro:** realizar a favor dos concelleiros que se indican as seguintes delegacións xenéricas con competencia resolutiva:

- Educación e Medio Ambiente: D. Óscar Liñares Casal
- Obras, Viales e Urbanismo : D. Marcos Fraga Rama
- Terceira Idade e Festexos: D<sup>a</sup>. Manuela González Pallas
- Deporte e Cultura: D<sup>a</sup>. María del Mar García González
- Asuntos Sociais e Emprego: D<sup>a</sup>. Inés Santos Pereiro
- Medio Rural: Alfonso Vázquez Becerra

Facultades que se delegan no ámbito da área de servizo indicado terá a responsabilidade da área na que é competencia do Alcalde, para coñecemento, xestión ordinaria e seguimento, así como dirixir os servizos con facultade de resolución.

**Segundo:** nomear como representantes no ÓRGANOS COLEXIADO:

- Mancomunidade de Municipios Comarca de Ordes: D. Eduardo Antonio Pereiro Liñares.
- Consello Escolar: D. Óscar Liñares Casal.
- Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes (ASDECOMOR): D.Eduardo Antonio Pereiro Liñares.

**Terceiro:** a presente delegación de atribucións surtirá efectos dende o día seguinte ao da data do presente decreto.

**Cuarto:** notificar persoalmente a presente resolución aos designados, e publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da presente resolución.

**Quinto:** dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

Mándao e asínao o señor alcalde en Tordoia a dezasete de setembro de dous mil vinte.

O Alcalde

Eduardo Antonio Pereiro Liñares”

Tordoia, 18 de setembro de 2020

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares